
Decálogo de compromisos para os establecementos, hoteis, pensións, cafés, bares, restaurantes e locais

Dona Jessica Mackowick, en calidade de propietaria de **Lusco e Fusco Bakery Café**

Comprométese a:

- [1] Promover que o establecemento sexa un espazo accesible, integrador, seguro e agradable para as mulleres.
- [2] Facer un uso inclusivo da linguaxe, non discriminatorio cara as mulleres nos diferentes soportes: cartas, menús, publicidade, redes sociais, páxina web, documentos de xestión etc.
- [3] Respetar os dereitos laborais das mulleres que traballan no establecemento e promover a igualdade de oportunidades cos seus compañeiros no desenvolvemento profesional a través da promoción e o recoñecemento laboral, da equiparación de salarios, da facilidade de medidas de conciliación etc.
- [4] Rexeitar rotundamente a violencia de xénero a través da posta en marcha de medidas para a súa prevención e denuncia así como facer do establecemento un espazo de protección e seguridade ante as agresións machistas.
- [5] Respetar e defender a diversidade sexual das persoas usuarias do establecemento.
- [6] Desenvolver ao longo do ano un mínimo de tres accións de visibilización, recoñecemento e posta en valor das achegas das mulleres en diferentes ámbitos: cultural, gastronómico, social, político, económico, científico etc.
- [7] Facer difusión, no establecemento, redes sociais, webs e outros soportes, dos materiais de promoción do proxecto Compostela, territorio das mulleres.
- [8] Poñer a disposición das persoas usuarias un Libro de Visitas para a recollida de información sobre as súas experiencias no establecemento relacionadas con Compostela, territorio das mulleres.
- [9] Atender as recomendacións de boas prácticas realizadas por Compostela, territorio das mulleres.
- [10] Atender os requirimentos de Compostela, territorio das mulleres relacionados co incumprimento deste decálogo.

En Santiago de Compostela, a 4 de outubro de 2016.

